

A situación de Siria e Libia após a Guerra de Iraq

César Lorenzo Gil

Se houbo dous países que se viron influídos polos cambios políticos no Iraq, estes foron Siria e Libia. Os dous réximes laicos máis poderosos do mundo árabe decidiron mudar parte da súa política exterior para evitaren o illamento. Desde os EEUU e Gran Bretaña, estes movementos móstranse como exemplo das bondades da guerra preventiva. Mais hai outros moitos motivos que non entran nun titular dun xornal.

No cerne da primavera do 2003, o Iraq “cambiaba” de réxime. Cos Abrams nas principais avenidas de Bagdad e os primeiros enxeñeiros ao pé dos oleodutos preparando a reconstrución, os principais pensadores da Administración Bush xa deseñaban novas etapas na consolidación do poder estadounidense no Grande Oriente Próximo. Cos mesmos tres argumentos que valeran para xustificar a invasión do Iraq (armas de destrución masiva, colaboración co terrorismo islámico internacional e necesidade de democracia), o Pentágono ameazou os outros países do denominado Eixo do Mal –Irán e Corea do Norte– e mais os gobernos máis críticos con Occidente na rexión –Siria e Libia– entre outros. Conscientes da nova situación mundial, cunha guerra novidosa e desigual entre os primeiros exércitos do mundo e unha combinación de resistencia e fanatismo musulmán, os presidentes sirio e libio, representantes arestora únicos dun modelo político laico e non aliñado na rexión, decidiron desempoar as súas valixas diplomáticas e ensaiar novas actitudes que sirvan, por unha banda, para se lexitimaren diante dos seus propios pobos e, pola outra, para gañaren certa visa de “estados colaboradores” aos ollos de Washington.

Coma sempre ocorre na política internacional, un ano despois, os resultados destas mudanzas son dispares, moitas veces contraditorios e día a día suxeitos a unhas continxencias moi graves no Oriente Próximo, hoxe máis violento e inseguro que antes da Guerra do Iraq. As dinámicas iraquí e palestina marcan unha axenda diplomática que tamén se ve condicionada polo real proxecto do neconservadorismo estadounidense: impoñer entre os árabes un libre mercado común que ha liderar Israel.

O león de Damasco no punto de mira

Siria foi un país chave desde sempre. A súa situación xeográfica gañou aínda máis forza nos tempos das Cruzadas, cando os damascenos comandaron a resistencia árabe contra os *frany* –nome co que denominaban os árabes aos cruzados– e gardaron as esencias do Islam en posteriores invasións estranxeiras.

Este protagonismo xeoestratéxico fíxose definitivo unha vez proclamado o Estado de Israel no 1948. Foi a partir de entón cando Siria participou da reacción árabe ao sionismo e recibiu a peor parte da vitoria israelí da Guerra dos Seis Días, do 1967. Siria perdeu os Altos do Golán (aínda hoxe no poder de Tel Aviv) e tivo que se facer cargo de máis de un millón e medio de refuxiados palestinos.

Nunha dinámica nacionalista e de progreso anticolonial que fixo de moitos países árabes a vangarda das novas ideas políticas non aliñadas, o Baath, liderado por Hafez el Asad, tomou o poder en Damasco no 1971. As súas ideas, compartidas en espírito polo Baas iraquí de Sadam Husein, tiñan tres piares que, trinta e tres anos despois, o réxime presume de manter vivos: a superación do estado teocrático tradicional no Islam a través do laicismo institucional tolerante, o Estado social e o nacionalismo pan-árabe.

Hoxe en día, con Bashar el Asad (fillo do anterior presidente) no poder, estes principios políticos sufriron cambios, desgaste, corrupción e unha conxuntura política moi desfavorábel. O laicismo en Siria non supera connotacións obviamente apegadas aos sentimentos relixiosos da cidadanía. Para o observador occidental pode resultar estraño ollar múltiples retratos dos Asad en cada farol, mais esa escena véñse repetindo con todos os líderes desde os tempos do mítico Saladino. É un culto á personalidade necesario para lexitimar o poder entre a poboación, unha maneira de respecto que nada ten a ver co propio ideario político dos gobernantes.

Cando para menosprezar esa separación ás veces complicada entre Islam e Estado en Siria, se repasan os vínculos entre Damasco e a guerrilla libanesa de Hezbolá, que se autodenomina xiíta, os propios dirixentes do grupo armado recordan que a súa é unha loita nacional e que o credo forma parte tamén da súa propia identidade.

É máis, Siria, ao igual que ocorrera no Iraq, fixo un esforzo durante décadas –ás veces con abusos por parte da Mukhabarat (policía secreta)– para coartar calquera influencia islámica no país. Contra o que o Pentágono dixo en reiteradas ocasións, Damasco sempre condenou as actividades de Al-Qaeda, por exemplo no Consello de Seguridade das Nacións Unidas, e é moi hostil contra opcións como Hamas, a pesar do apoio incondicional á loita palestina.

Boa mostra da perenne loita do goberno sirio contra o terrorismo foi a reacción aos atentados do 26 de abril en Damasco. Siria, en colaboración con Xordania, está a facer grandes esforzos para impedir que operen no seu territorio grupos pertencentes á rede responsábel dos ataques do 11-S en Nova York ou do 11-M en Madrid.

A estrutura social siria beneficiouse do clima de certa liberalidade gobernal. Hai varias universidades de prestixio, as mulleres gozan dun elevado número de dereitos (sempre dentro da rixida tradición islámica) e os visitantes de Damasco falan dunha cidade moderna, con rañaceos e avenidas amplas, con coches modernos nas rúas e unha boa disposición para os negocios e a modernización. O presidente Asad, oftalmólogo estudado en Londres e casado cunha británica, fixo un amplo esforzo por mellorar o comercio de petróleo e, sobre todo, por desenvolver o turismo. Non en van, durante os anos de certa calma que sucederan aos Acordos de Oslo do

1993, cidades históricas como Alepo e vestixios antigos coma Petra competiron con destinos en Exipto ou Turquía.

O desenvolvemento económico baseado na industria estatal mantén unha taxa de pobreza moi inferior á de países do seu contorno (segundo as Nacións Unidas, o seu índice de desenvolvemento é superior a Turquía, Xordania ou Exipto), a pesar de que o permanente gasto en defensa, pola situación de conflito con Israel, diminuíu a calidade da saúde e o ensino público na última década.

Co Iraq ensanguentado (Siria ten unha ampla fronteira con este país, imposible de manter totalmente pechada), o réxime de Damasco convértese en depositario de moitos árabes que defenden un modelo político propio igualmente forte diante da presión imperialista occidental e israelí e fronte á ameaza do islamismo radical e retrógrado. Mais Asad sabe que o panarabismo é unha quimera arestora, coñece as arelas da ala máis dereitista da Casa Branca por poñelo porta fóra do poder e sabe que só tentando pasos cara adiante pode salvar a cabeza e o modelo.

A guedella chamuscada

O impacto da conquista do Iraq foi total sobre Siria. A principios do verán do 2003, o subsecretario de Defensa estadounidense, Paul Wolfowitz, defendía unha intervención militar inmediata sobre este país, aproveitando a presenza dos marines a poucos quilómetros da súa fronteira. A escusa, deter os colaboradores do réxime de Sadam Husein supostamente refuxiados en Damasco, asegurar a impermeabilidade da fronteira, paso constante de combatentes pro-iraquí e “liberar” o Líbano da influencia siria.

Asad sentía naqueles intres a guedella do león chamuscada. O gran proxecto neocolonial na rexión triunfara en Bagdad e xa arfaba perto de máis. Foi entón cando ensaiou novos movementos diplomáticos para aliviar a presión exterior.

Após a queda de Sadam Husein, Siria entendeu que esas olladas do exterior eran ameazadoras de máis. As acusacións de que estaba a protexer membros da familia do ex presidente iraquí, as supostas axudas durante a guerra en forma de material bélico e apoio loxístico ou o rumor tan estendido de que en Damasco o Baaz iraquí tiña un edificio que en troques de azulexos, tiña ouro, amedrentaron o réxime.

Intelixentemente, Asad mantivo a contundencia na súa mensaxe antiimperialista e contraria aos desexos expansionistas de Israel con xestos amigábeis cara a un entendemento con Tel Aviv. Hai que lembrar que ambos os países negociaran entre o 1994 e o 1997 unha solución á ocupación dos Altos do Golán, dentro do ambiente de distensión na zona que o asasinato do presidente hebreo Isaac Rabin e a elección para ese posto de Benjamin Netaniahu crebaron definitivamente.

Israel aceptou volver negociar con Siria. O presidente actual, Ariel Sharon, era consciente de que alcanzar un acordo positivo era tan doado como facerlle asinar a un ancián un testamento ao seu favor mentres un amigo (os EEUU) lle apunta cunha pistola na tempa.

Os primeiros encontros foron positivos. Sharon comprometíase a abandonar o territorio sirio a cambio de certa colaboración na detención de activistas palestinos no seu territorio e un novo status para o Líbano. En xaneiro do 2004, Israel convidou a Asad a visitar Xerusalén ao tempo que defendía unha saída negociada aos conflitos.

Estes pasos cara ao diálogo arrefriáronse co aumento da resistencia no Iraq, a extrema violencia israelí sobre os palestinos e a postura estadounidense na zona, que apoiou os programas de “paz dos cemiterios” de Sharon ao tempo que segue a ameazar a Siria. Asad nunca poderá admitir que se reduza a soberanía palestina sobre a Cisjordania ou que haxa calquera renuncia dalgún tipo ás fronteiras anteriores ao 1967.

Foi por iso que o goberno sirio ollou cara a Turquía. A actuación de Ankara nas últimas décadas afastara os veciños, máis des que os turcos se converteron no mellor aliado norteamericano na zona. Asad buscaba neste diálogo apoios razoábeis diante dunha ameaza de Washington. Damasco percibe que a posición da antiga Sublime Porta é fundamental para evitar un conflito. Turquía non vería con bos ollos ter toda a súa fronteira sur incendiada. A cambio de colaboración na loita contra o terrorismo islámico, o goberno turco recibiría o visto e prace de Siria na represión dos curdos. Non hai que esquecer que Siria deportou ao líder do Partido dos Traballadores do Curdistán, Abdalá Oçalan, por recomendación de Ankara, medida que posibilitou a súa posterior detención en Quenia.

A casa varrida

Hoxe en día, a situación política siria é complicada. O réxime de Damasco apostou pola disensión como xeito de non se contaxiar de máis polas turbulencias iraquís. A presenza norteamericana tan perto, os evidentes desexos imperialistas dos invasores, a situación palestina e certo afogo de todas as clases dirixentes da zona, son un excelente caldo de cultivo para o ideario fanático do islamismo radical que defende o ataque suicida e indiscriminado. Bashar el Asad é consciente de que ten a casa por varrer. Os acontecementos de finais de abril na capital desvelaron a actividade de grupos radicais a grande escala, xa con fortaleza como para actuaren dentro do país. Moitos ministros alertan das posibilidades dunha libanización de Siria, unha degradación da situación social e política que desate o descontento e sirva de escusa para un ataque israelí-estadounidense.

Logo dalgúns meses de calma, a asesora governamental dos EEUU en temas de seguranza, Condoleeza Rice, volvía advertir, a finais de febreiro, dos “deberes por facer” de Siria. “Os nosos informes indícanos que o goberno de Damasco é cómplice, dalgún xeito, do aumento do terrorismo no Iraq”, afirmou nunha entrevista no *New York Times*. “Deberemos tomar medidas para evitar esa perniciosa influencia”.

Unha semana despois, era o propio George Bush quen advertía a Asad do seu comportamento “pouco favorábel á paz”. Fontes do Partido Republicano considera-

ban inminente un embargo comercial contra Siria antes do verán e até o congresista demócrata Eliot Engel, esixiu do goberno un “plano contundente e inmediato” para evitar que Damasco sexa “o centro desestabilizador de todo Oriente Próximo”.

Con certeza, varios funcionarios norteamericanos visitaron Siria para esixir de Asad xestos de cara á galería. Poñendo o exemplo de Muammar el Gadafi, estes axentes esixían do presidente sirio compromisos na eliminación de armas. Mais Siria admitiu non ter armamento non convencional nin programas de desenvolvemento nuclear, tal e como lle confiara á entón ministra española de Asuntos Exteriores, Ana Palacio, no verán do 2003. “A comunidade internacional pode estar tranquila. Siria non posúe armas e o seu compromiso coa paz é real”, dixera daquela Palacio. O que non se atreveu a reproducir a ministra foi a recomendación de Asad, ben difundida polos xornais árabes. “Vostedes veñen trabucados de enderezo. A meirande fábrica de armas está situada en Israel. Vaian alí pedir paz”.

Ao mesmo tempo, é sabido que os servizos secretos sirios indicáronlles aos seus colegas estadounidenses nomes de organizacións e persoeiros vinculados con Al-Qaeda. O propio embaixador sirio nos EEUU, Imad Mustafa, subliñou que “ambos os países comparten obxectivo, a loita contra o terrorismo”. Mais para Bush non é dabondo. A súa esixencia é máxima: a resistencia iraquí *tamén* é terrorismo.

Guerra “terapéutica” para Libia?

Tony Blair regañaba o dente ao baterlle a man ao coronel Muammar el Gadafi durante a súa visita a Trípoli o 24 de marzo do 2004. Por primeira vez en sesenta anos, un primeiro ministro británico visitaba Libia e, desde o atentado de Lockerbie (Escocia) contra un avión da Pan Am, no 1988, as relacións entre ambos os países non eran así de boas. Foi suficiente a influencia da guerra do Iraq para converter o “máis pérfido inimigo do mundo libre”, tal e como lle chamaba Ronald Reagan a Gadafi, nun líder homologábel á nova orde mundial de Bush?

A evolución de Libia nos últimos meses é positiva para o propio réxime de Gadafi e tamén para salvar a cara dos propios líderes occidentais. Nun intercambio de favores, Libia recupera o seu status mundial de país “decente” e Bush e, especialmente Blair, mitigan a súa imaxe de líderes sedentos de sangue mostrándolle ao mundo un triunfo da súa política bélica preventiva.

Mais Gadafi non se redimiu acovardado pola imaxe de Sadam coa barba e o cabelo revoltado á saída do zulo. O seu paso á normalidade estaba planificado desde había anos.

Gadafi, como líder da nova Libia, revolucionaria, pan-arabista e non aliñada, forxou desde a súa chegada ao poder no 1969 un modelo político laico e moderno que apartou do poder a un réxime autoritario e oligárquico e substituíuno por outro ben semellante ao do Baath en Siria (malia obvias diferenzas) que tiña como biblia o famoso *Libro verde* e que tivo como columna vertebral a defensa dos árabes como

nación e un compromiso no desenvolvemento de África contra os intereses neocoloniais dos EEUU, Francia e Gran Bretaña no continente.

Esta política doeu moito nas chancelerías occidentais. Tal e como desvelou o xornalista e profesor británico Richard Keeble, Libia sufriu un acoso secreto que durou décadas, patrocinado por París, Londres e Washington. Escaramuzas no Chad, persecución da actuación libia –enxeñeiros, médicos ou militares– na África subsahariana e até o famoso bombardeo aéreo de Trípoli e Bengasi no 1986. Como escusas, o apoio libio á resistencia palestina ou africana.

Con todo, foi no 1988 cando se relacionou a Gadafi co atentado de Lockerbie, no que faleceron 270 pasaxeiros, cando a comunidade internacional considerou o réxime fóra da lei e o illou durante máis dunha década. Nese tempo, os servizos de intelixencia estadounidenses e británicos tentaron debilitar o goberno e planearon diversos atentados contra o coronel, finalmente esconxurados pola contraespionaxe libia.

Cansos de presionar un país que, malia todo, crecía economicamente e se facía moi atractivo para Europa pola súa riqueza de materias primas (especialmente gas e petróleo), desde a época de Bill Clinton na Casa Branca buscou o xeito de devolvelo á legalidade internacional.

No “camiño do ben”

A década do 1990 cambiou moitas cousas en Libia. A queda da Unión Soviética afectoulle moi negativamente ao país, que tivo que reorientar a súa economía a marchas forzadas e enfrontarse, ás veces con moita imaxinación, ao illamento ordenado desde Washington. Foi o momento no que Gadafi debeu ollar para dentro do país e buscar as políticas máis axeitadas para a supervivencia do seu modelo. Para modernizar Libia e proseguir no seu desenvolvemento, era preciso participar dun xeito máis decidido no seu contorno. O potencial enerxético creou recursos suficientes para iniciar contactos empresariais con Italia, ex metrópole libia e país europeo máis próximo xeográfica e diplomaticamente a Trípoli. Estes movementos foron moi interesantes para ambas as partes e logrou obxectivos incluso pintorescos, caso da participación accionarial nada desprezábel que a familia Gadafi ten no equipo de fútbol do Juventus de Turín.

Por outra banda, a ameaza libia facíase máis liviá para os EEUU. A CIA temía o plano de desenvolvemento nuclear libio, mais constatou, a partir dos acordos de Oslo, a baixa intensidade do compromiso libio nas organizacións de resistencia. O mundo árabe estaba mudando. O acoso sobre o Iraq rachara o elo de loita laica panarabista e o sistema promovido polos norteamericanos en Afganistán para loitar contra o comunismo ateo estaba a estenderse como aceite desde Mauritania até Indonésia. O islamismo tomara agora conta da loita na rexión e países coma Libia eran máis os seus sufridores ca os seus patrocinadores.

Foi por este motivo que Bill Clinton avogou por superar o problema libio. A súa diplomacia chegou a Trípoli no 1999 cunha proposta para que Gadafi asumise a responsabilidade do atentado de Lockerbie a cambio de pasos decididos para reintegralo na normalidade internacional. Naquel momento, o presidente libio dubidou, mais a esencia daquel acordo fíxose necesaria e rendíbel só dous anos despois.

Paralelamente, Libia abandonou a súa política de apoio activo aos grupos resistentes africanos e árabes. Tamén no 1999, o goberno expulsou ao activista palestino Abu Nidal, que había morrer en Bagdad poucos meses antes da invasión estadounidense. As pezas do xogo estaban sobre o tapete.

O 11-S foi coma un terremoto tamén en Trípoli. Se algunhas fontes afirman que Gadafi fora algo tolerante con preeminentes figuras libias envolvidas en supostas actividades a prol de Al-Qaeda (caso de Musa Kousa, ex embaixador libio en Londres), a partir dos ataques a Nova York e Washington, a súa postura foi radicalmente oposta. Ordenou a deportación de varios dirixentes islámicos e perseguiu todos os xermolos de oposición radical no seu territorio.

Xa entón, Gadafi desexaba facer xestos de cara á súa reconciliación con Occidente. Mais neses intreos, a Administración Bush gardaba a carta libia coma un tesouro que ía xustificar a guerra preventiva.

Logo da invasión do Iraq, Blair e Bush gabábanse en público de que moitos gobernos “mornos co terrorismo” habían tomar nota do que pasa “cando non se cumpren as regras internacionais”. Mais a ameaza non dera froitos. Corea do Norte proseguiu o seu programa nuclear a pesar da extrema situación económica que padece. Irán admitiu o seguimento internacional do seu programa nuclear mais negou calquera achegamento a Washington. Foi entón cando o pastel libio, que estaba a cocer a lume lento, se presentou enriba do mantel.

A haima en Bruxelas

Gadafi xoga as súas cartas con moita paciencia e sabedoría. É consciente de que o mundo se converteu nun lugar ben perigoso e que o “dono” do patio ten moi mal xenio. O presidente libio sentíase seguro, após a invasión do Iraq, para rachar a súa anterior imaxe sen cambiar apenas nada no seu comportamento político e económico.

A pesar de que Bush e Blair imaxinaran un mundo onde a democracia representativa sería lei, Gadafi sabe que iso é unha falacia. Para abandonar o club dos “inimigos da liberdade” só cómpre aceptar a hexemonía estadounidense, non demonizar a Israel e ter man máis que aberta co libre mercado.

O primeiro paso foi aceptar a xa resesa petición de Clinton. Esta vez, a través de Tony Blair –que enviou a José María Aznar a Trípoli para renovar os lazos españois co Magreb– aceptou recoñecer a sentenza do Tribunal da Haia sobre a responsabilidade do atentado de Lockerbie e facerse cargo da indemnización aos familiares das vítimas. Libia en ningún momento aceptou a súa responsabilidade mais tomou a deci-

sión como xeito de demostrar que o país ten intención de cumprir os seus compromisos internacionais.

Posteriormente, Libia abriu as portas de todas as súas instalacións industriais e militares aos inspectores da ONU en materia de enerxía nuclear. O xefe da misión, o exipcio Mohamed el Baradei, admitiu que o réxime dera todas as facilidades e recoñeceu que se intentara iniciar un programa atómico, aínda en cueiros, finalmente abandonado.

Esta garantía foi suficiente para George Bush, que gabou a súa actitude en público e retirouno do grupo de países díscolos case que automaticamente. Para Gran Bretaña, era necesario un xesto máis para permitir que fotografasen a Blair en Trípoli, a porción británica da torta enerxética libia. A diplomacia londinense pactou investimentos millonarios de Libia na industria de seguraza aérea (unha especie de vinganza polos atentados aéreos do pasado) e, especialmente, un acordo valorado en 200 millóns de dólares para a explotación e comercialización de petróleo, compartida pola estatal National Oil Corporation e a anglo-neerlandesa Dutch-Shell.

A relación con Israel tamén se desconxelou tras anos de silencio mutuo. Sharon aceptou cos brazos abertos calquera apoio árabe e a disposición libia a aceptar un estado hebreo forte e seguro foi un cravo ao que Tel Aviv ficou enganchado, nun intre de forte crise económica e poucas opcións de crecemento.

Igual que ocorrera en Siria, a decisión israelí de dividir a Cisjordania e crear un estado palestino practicamente títere deixou en suspenso ao achegamento diplomático, á espera de que os EEUU teñan neste asunto unha postura algo máis neutral.

Nesta viaxe cara á lexitimidade internacional, a última parada foi Bruxelas. Flanqueado pola súa espectacular garda feminina, armou a súa *haima* de beuño nun xardín belga e recibiu as apertas e parabéns do máis florido da diplomacia europea.

A visita, na que compartiu conversa co responsábel europeo de Política Exterior, Javier Solana, e máis co presidente da Comisión, Romano Prodi, foi interesante para coñecer realmente cal é a súa posición na actualidade, unha vez liberado dos estigmas do pasado. Gadafi non se retractou do seu anterior apoio aos movementos revolucionarios en África e en Asia e valorou como necesario crear un mundo multi-lateral, no que todos os pobos do mundo teñan dereito á autodeterminación, á supervivencia e a facer pervivir os seus sinais de identidade.

O coronel subliñou o temor ás consecuencias da Guerra do Iraq para o resto do mundo e recomendou que, para loitar contra o “terríbel terrorismo sen rostro de Al-Qaeda” se ensaiasen modelos de relación baseados no respecto. “O Iraq foi unha parada innecesaria na carreira contra o terror”, dixo en Bruxelas. “Sadam Husein estaba disposto a todo para evitar a guerra agás entregarse. Mais os norteamericanos deixáronse guiar polo espírito de vinganza do 11-S”, proseguíu. “Agora, pagan as consecuencias”. Estas declaracións, seguidas dunha afervoadada defensa da posición de Alemaña e Francia no conflito, interprétanse coma unha chiscadela á UE como potencia eixo entre os “desherdados do mundo” e a superpotencia estadounidense, mais

tamén deixan claro que Gadafi vai seguir combinando unha ollada crítica ao esquema da dereita norteamericana para o mundo cun fiel compromiso á loita antiterrorista e ao control armamentístico, incluíndo a Israel.

Hoxe o mundo é máis inseguro

Por moito que Blair e Bush consideren que o xiro de Libia, non tan novísimo como vimos, é unha boa noticia e unha confirmación de que a guerra preventiva é boa para a seguranza; e por moito que desde o Pentágono consideren que Siria é un curral de terroristas e que non dubidarán en atacala se é necesario, nin un extremo nin o outro da corda nos deixan tranquilos.

Libia respira por fin grazas á habelencia de Gadafi e ás necesidades de Occidente de atopar líderes que escoiten as súas demandas. O mundo árabe seguirá dividido por moito tempo e moitos movementos políticos han facerse na clandestinidade, co segredo das diplomacias e a astucia das mans esquerdas. Washington sorrí tamén cara a Riad, aínda que saiba da súa posíbel connivencia con Al-Qaeda, porque cara a fóra, os príncipes sauditas respectan as súas regras e danlles protección no Golfo Pérsico diante dun futuro ataque a Irán. Agora, o Pentágono manterá as boas formas con Trípoli baixo a promesa de que Libia será unha defensa na loita contra o islamismo.

Mais ese problema non é só de Occidente. Os gobernos laicos da zona, caso de Siria e Libia, deben modificar o seu status para os estadounidenses. Xa non estamos no tempo da Guerra Fría onde os EEUU tiñan que torpedear calquera actividade de esquerdas ou antiimperialista. Agora, unha vez furado o tobo da besta islámica, estes réximes (sen escusar todos os seus defectos) que propuxeron un modelo progresista de entender o Islam, puxaron pola separación de relixión e estado, promoveron o aumento da cultura entre a poboación e garantiron un sobrio benestar, son unha boa menciña á desesperación na que se incuba o terrorismo que atacou en Madrid ou que día tras día xorde en Damasco, Amman ou Marrocos.

O problema de George Bush é que fai primar sobre esta obviedade a súa avinza inviolábel con Israel. Por iso Siria segue ameazada. Para Tel Aviv, a presenza dun poder forte na zona, caso do Iraq, era un desacougo; que os sirios tomen conta dese liderato, agora é unha ameaza. Desde logo que o potencial militar de Siria é moi inferior ao israelí e que a seguridade do estado está garantida. Mais o gran plano sionista que defende punto por punto o Likud é ambicioso de máis. Israel non só pretende reducir ao máximo a presenza palestina na zona e converter o seu futuro estado nunha especie de protectorado, senón que desconfía dos seus veciños, especialmente no flanco nororiental e desexa para Damasco un réxime semellante en perigosidade a Xordania ou Exipto.

No lado contrario, Bashar el Asad terá que escoller cal será o seu papel. Se decide seguir a ser unha alternativa á oligarquía ben mantida do seu contorno, manterá sobre a caluga o frío peso do acoso estadounidense; e se renuncia a ese papel, Siria

corre o perigo de deixar de ser un país seguro, no que confían moitos investidores e no que se concentran as esperanzas do soño de unir de novo a todos os árabes.

Talvez, o presidente sirio está á esculca do que ocorra no Iraq. A día de hoxe, o pesadelo do Vietnam percorre coma un fedor a campaña militar estadounidense e pode que pronto a sangría económica faga necesario que volvan calar as armas e batan na porta de Damasco novas oportunidades para a diplomacia.

*César Lorenzo Gil é responsábel da sección de Mundo no semanario
A Nosa Terra.*